



Sindicato de
Traballadores de la
Administración de
Justicia

Sindicato independiente y específico ES DE JUSTICIA

Contacta con nosotros:

Provincia A Coruña: (Paco): móvil 609.292.438 Local sindical 881881672
Provincia Pontevedra: (Jóse): 600.482.787 / (Kike) 605.128.068, Local sindical 886218416
Provincia de Orense: (Javier): móvil 649.978.259

Galicia

correo electrónico: stajgalicia@gmail.com // Blog: <http://stajgalicia.blogspot.com/>

F. J. Filgueiras, en calidad de representante do Sindicato de Taballadores da Administración de Xusticia (STAJ)

A semana pasada tivo lugar no edificio xudicial dos xulgados de Viveiro un acontecemento, que non tivo consecuencias fatales e só quedou nunha anécdota, -grazas á pericia dun funcionario do propio xulgado-, pero que descubriu as carencias e fallos nas medidas de seguridade coas que conta o edificio, os seus sistemas antiincendios -que non funcionaron- e o diseño do mesmo para a evacuación das persoas que están a traballar e mailos cidadáns que acuden a él.

En concreto unha persoa introduciuse nos lavabos e alí prendeu lume a unha chaqueta, o que produxo moito fume, pero ó non funcionar a alarma contra incendios, moitos funcionarios enteráronse do conato de incendio cando os demais funcionarios déron a voz de alarma, e con certo riesgo para a súa integridad física un funcionario do propio xulgado apagouno mediante un extintor de incendios, sen máis consecuencias. Cremos necesario que se tomen medidas para que non volva a suceder.

Menos mal que solo foi un susto, pero como non soú a alarma ninguén se moveu do seu posto de traballo, ata que o incendio fíxose patente para todos. O persoal que estaba nese momento traballando nunca fixeran un simulacro de desaloxo.

Hai que ter en conta que nos xulgados de Viveiro non existe saída de emerxencia senón que son as propias escaleiras que son moi empinadas e estreitas.


Con respecto ó traballado diario concretamente no rexistro civil o funcionario encargado do mesmo, colleu vacacións, tal e como lle corresponde a calquera traballador, o caso é que non se nombrou persoal para cubrir as vacacións deste traballador co que o servizo do Rexistro Civil non pode ser eficaz de cara ós cidadáns pois son os demais compañeiros que se turnan para facer que o servizo do Rexistro Civil funcione correctamente tendo que deixar as súas propias funcións para adicar tempo ó trámite do Rexistro Civil, causando retrasos que repercuten directamente no cidadán.

POR ISO SOLICITO A ESA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA:

- que se faga un plan de evacuación axeitado as peculiaridades do edificio xudicial de Viveiro, no que participen os traballadores/as e se teñan en conta a súas propostas; se prepare e se leve a cabo un simulacro de incendio con evacuación do inmovible, para que o persoal se familiarice con este tipo de sucesos e sepa o que teña que facer asemade identifique sen dúbida o modo máis rápido de evacuación dependendo da súa ubicación.

- que se nombre persoal de reforzo para o Rexistro Civil dos Xulgados de Viveiro ou en caso de ser imposible o seu nombramento que se faga unha quenda retribuída entre os funcionarios que queiran facela voluntariamente e remunerada.

A Coruña, 30 de xuño de 2015



DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
PRAZA DE EUROPA 5º, 4º ANDAR
FONTIÑAS -SANTIAGO DE COMPOSTELA-

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA CORUÑA
A CORUÑA

Data 30/06/2015 12:14:11

ENTRADA 95099 / RX 1239852



Staj, Sindicato de Traballadores de la Administración de Justicia.
Único sindicato Independiente y Específico de la Administración de Justicia

